

Unha revista artística e literaria, galega e universal

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [2010]). “Unha revista artística e literaria, galega e universal”. *Grial*: 185, 96-98. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/125>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2010). “Unha revista artística e literaria, galega e universal”.
Grial: 185, 96-98.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UNHA REVISTA ARTÍSTICA E LITERARIA, GALEGA E UNIVERSAL

[RECENSIÓN DA EDICIÓN FACSIMILAR DE *RONSEL. REVISTA DE ARTE*. EDICIÓN DE LUÍS ALONSO GIRGADO, ÉLIDA ABAL SANTORUM E ALEXANDRA CILLERO PRIETO. SANTIAGO DE COMPOSTELA: CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES, 2009]

Miro Villar

Unha serie de xornais e revistas enriqueceron o panorama cultural galego de preguerra, entre as que salientan *A Nosa Terra* e *La Centuria* inicialmente, *Nós*, *Ronsel* e *Alfar* nos anos vinte e *Cristal*, *Resol*, *Papel de color* ou *Yunque* nos trinta.

Ronsel. Revista de Arte, dirixida por Evaristo Correa Calderón, con Álvaro Cebreiro de director artístico e Álvaro Gil de secretario de redacción, editou en Lugo seis números entre maio e novembro de 1924. Estaba vinculada ao galeguismo político e nela aparecen textos emblemáticos da nosa literatura, pero tamén doutros discursos literarios europeos, sobre todo do portugués, até o punto de que se adoita cualificar como unha revista da vangarda. Porén, nós concordamos con Xesús González Gómez, quen en *Manifestos das vangardas europeas (1909-1945)* (Laivento, 1995) desde unha perspectiva crítica lembra que “a vangarda é algo máis restrinxido que un movemento, é un grupo”, co obxectivo de separar as vellas elites do poder intelectual para colocar as novas ou emerxentes, e a súa táctica: opoñerse á cultura dominante que pecha o acceso ao poder intelectual dos artistas e intelectuais marxinalizados. A conclusión é obvia, non hai vangardas en Galicia e só pegadas da renovación poética que se dá en Europa. A edición facsimilar da revista luguesa testemuña ben ás claras a devandita aserción.

A “Nota de Edición” de Luís Alonso Girgado advirte que esta é a “cuarta comparecencia da revista *Ronsel* –luguesa, galega, univer-**[97]**sal–”, pois á orixinal de 1924 hai que engadir o “Número conmemorativo del cincuentenario de su publicación. 1924-1974”, datado en Lugo o 15 de xaneiro do 1975, e a reimpresión realizada en 1982 por Sotelo Blanco. Esta última incorporaba unha “Presentación” de Basilio Losada, un prólogo de Evaristo Correa Calderón intitulado “A xeito de limiar. Cincuenta años después. Pequeña historia de una revista”, e tamén reproducía como apéndice aquel número extraordinario no que colaboran Víctor García de la Concha, Antonio Bonet Correa, Correa Calderón, Jesús Bal y Gay, Francisco Luís Bernárdez, Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro.

Todos estes materiais son reproducidos agora nesta edición facsimilar que se axusta aos parámetros dos orixinais, pois a reimpresión de Sotelo Blanco reducía o seu tamaño e alteraba algúns aspectos visuais. A maiores aparecen novos estudos e colaboracións inéditas. “*Ronsel: características externas*” compila todos os datos técnicos da publicación, con especial detemento nas súas seccións, na súa lingua (con textos en galego, portugués, castelán, catalán e francés), nas súas traducións de poetas alemáns (Goethe e Hebbel, entre

outros), franceses (Fleury e Garnier) ou italianos (Buonarroti), nos seus colaboradores artísticos e literarios. Tamén se nos dá conta da prensa galega e portuguesa que lle é contemporánea e se detallan as edicións previas da propia revista.

“Palabras para *Ronsel*: Textos de recepción e crítica” recolle todos os artigos que xerou a aparición da revista na prensa da época ou a súa presenza notoria en textos de Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Xesús Alonso Montero, Méndez Ferrín ou César Antonio Molina, entre moitos outros. A este apartado séguelle unha completa “Bibliografía” e un “Índice de colaboradores” separados en Literarios e Artísticos.

“*Ronsel*: Novas perspectivas críticas” é a parte máis novidosa e suxestiva pola calidade e profundidade das colaboracións, que abre Juan J. Moralejo Álvarez sobre a palabra “ronsel” e a súa ausencia nos dicionarios portugueses e españois e situando a Manuel Antonio como o seu creador. Silvia Alonso analiza “La música en *Ronsel*”, con especial relevo para as críticas musicais de Bal y Gay. Moi interesante é o artigo “Algo sobre Xohán Viqueira” de Darío Xohán Cabana, que lembra como escribiu o segundo poema neotrobadoresco da nosa literatura ou o seu *Poemeto da vida*, que cualifica como o cume da súa poesía, escrito como “un puro produto do entusiasmo erótico-panteísta”, ao tempo que rescata para nós o poema en prosa “Lugo”. Sobre “Norah Borges, la musa del ultraísmo en *Ronsel*” escribe Ana E. Goy Diz, que nos descobre aspectos íntimos da vida da irmá de Jorge Luís Borges. Araceli Herrero Figueroa en “Luís Pimentel e *Ronsel*” salienta a relación do poeta co director da revista, co musicólogo Bal y Gay, co poeta Ángel Johán, con Álvaro Gil e con outros colaboradores, para logo analizar polo miúdo os textos pimentelianos publicados. Manuel Celso Matalobos debrúzase no “Multilingüismo e multiculturidade en *Ronsel*”, concluíndo que o castelán prevalece sobre o galego, mesmo na publicidade. María Isabel Morán Cabanas achégase aos “Diálogos culturais e literarios entre a Galiza e Portugal através da revista *Ronsel*”, artigo que se abre cun extracto dunha carta do poeta Teixeira de Pascoaes a Álvaro Cebreiro no que afirma que “é una revista encantadora” e anuncia o envío dalgún inédito. Tamén se destaca a presenza de Eugénio de Castro ou Raul Brandão. En “Manuel Antonio e a vangarda. Notas sobre o poema ‘Excelsior’ de Manuel Antonio” María Xesús Nogueira realiza unha análise dese texto ao que lle confire unha especial singularidade na obra do rianxeiro. Xulio Pardo de Neyra reincide no lugar común de situar a revista como paradigma en “*Ronsel* ou o epicentro das vangardas galegas na terceira década do século XX”. “Presenza da poesía galega en *Ronsel*” é a contribución de Armando Requeixo con especial relevo para Noriega Varela, López Abente, Victoriano Taibo, e os xa citados Viqueira, Correa Calderón e Manuel Antonio. Completan esta introdución os estudos “Ensayo hispánico y mirada poética. Traducción y creación de imágenes visuales: Benjamín Jarnés, Ramón Gómez de la Serna y Antonio Robles en *Ronsel*” de M^a Ángeles Rodríguez Fontela e “Publicaciones periódicas en el Lugo de 1924” do xornalista Juan Soto Gutiérrez.

Os currículos dos colaboradores na edición preceden á reprodución facsimilar, á que se lle engaden como adendas o facsímile do Número do Cincuentenario (1975) e o interesante estudo do profesor da Universidade de Perugia, Otello Tavoni, recén desaparecido, *Ambiente culturale de esiti letterari della rivista gaglienga Ronsel (1924)*.

Moito eclecticismo, pois, para unha publicación que no primeiro número se definía como “revista ecléctica”, e que axiña mudaría o subtítulo de *Revista de Arte* polo máis acaído de *Revista de la nueva generación gallega*, toda unha declaración de intencións, aínda que vangarda, vangarda, non é que [98] haxa moita nas páxinas desta magnífica publicación agora reimpresa.